

## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que a Presidencia da Comisión Informativa de asuntos xerais ditou a seguinte

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a necesidade de proceder a aprobar inicialmente o orzamento municipal para o ano 2024 que tería que ter entrado en vigor segundo os prazos legais o 1/01/2024 e que procede non demorar o mesmo mais tempo a fin de poder acometer os gastos e ingresos previstos no mesmo. Sendo igualmente necesario proceder a aprobar unha modificación da RPT que esencialmente servirá para aplicar o incremento do complemento específico aprobado polo Estado para os traballadores municipais. Considerándose que non procede a demora de tales asuntos ao pleno Ordinario e tendo en conta que entre o día 13 e o día 15 se prevé a realización do Pleno do Sorteo das Mesas Electorais para as vindeiras eleccións europeas.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26/06/2023, acordou ter sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas salvo o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas; e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA que o artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que as comisións informativas (CI) son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno do Concello e da Xunta de Goberno local cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes; e que o 26/06/2023 o Pleno do Concello, creou as CI de asuntos xerais, especial de contas, facenda e patrimonio, ordenación do territorio e urbanismo e familia, benestar, igualdade, cultura e ensino e mulleres.

TENDO EN CONTA que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establece que serán sesión extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde con tal carácter e fora da periodicidade establecidas para as sesións ordinarias. Tendo en conta que non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA da Comisión informativa especial de contas, facenda e patrimonio para o

Día:08/05/2024.

Hora: 09:30 horas a 1.ª convocatoria e, se procédese, ás 10:30 horas a 2.ª convocatoria

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

### I PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobar se procede inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2024. (EXP. 2024/T004/000002).



2.-Aprobar se procede a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello (EXP. 2024/E004/000001).

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da CI, REMITÍNDOLLES as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral. Igualmente se porá a disposición a través da sede electrónica os documentos que se consideren máis relevantes do orzamento municipal, sen prexuízo de que poidan solicitar se o estiman oportuno o expediente completo.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.gov.es/portal/abrirCMS/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso, asinado dixitalmente  
O Secretario.

Federico Suárez Cancelo.